

Memoria xustificativa da proposta de modificación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os Grupos de Desenvolvemento Rural, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na medida Leader de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PAC 2023-2027.

A política comunitaria para o período 2023-2027 e, en consonancia, o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (en adiante, PEPAC 2023-2027) para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, consolida o desenvolvemento local participativo, coa formulación da intervención 7119-Leader, subintervención 7119_01.- Implementación EDLP baseado en estratexias de desenvolvemento local participativo, como mecanismo de desenvolvemento territorial integrado.

A selección de estratexias de desenvolvemento local e mais das entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da intervención Leader de Galicia 2023-2027, así como a distribución de fondos entre as 24 entidades colaboradoras seleccionadas, produciuse mediante a Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) do 7 de decembro de 2023, que foi rectificada mediante a Resolución do 20 de maio de 2024.

A relación xurídica entre a Axencia e os grupos de desenvolvemento rural seleccionados (en adiante, os GDR), regúlase, conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante o convenio de colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 29 de xullo de 2024 e que a Axencia asinou con cada un dos GDR o 7 de agosto de 2024.

O convenio detalla as actuacións dos GDR na súa dobre condición, tanto de beneficiario como de entidade colaboradora da Axencia na tramitación de axudas a terceiros. O convenio regula tamén as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención nos termos previstos no artigo 8 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculado á xestión, seguimento, avaliación, animación, formación e cooperación dos GDRs.

Son financiáveis dentro da intervención LEADER, segundo establece o PEPAC en consonancia co artigo 34 do Regulamento UE 2021/1060, as seguintes axudas:

- a) Axuda para o desenvolvemento de capacidades e medidas preparatorias do apoio ao deseño e a execución futura das estratexias de desenvolvemento local participativo.
Esta axuda xa foi concedida ás 24 entidades seleccionadas como GDR mediante a Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada mediante a Resolución do 20 de maio de 2024, xa citadas anteriormente.
- b) Axuda para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas.
Esta axuda é obxecto de convocatorias periódicas que realizará a Axencia. As persoas beneficiarias desta axuda, que se distribuirá en réxime de concorrencia competitiva, son as entidades públicas de carácter local ou comarcal, as persoas físicas e xurídicas e mais as

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Lاراño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





comunidades de montes en man común e as súas mancomunidades. A dotación orzamentaria de que dispón cada GDR para esta axuda representa o 69% da asignación total da intervención Leader que lle correspondeu a cada GDR.

- c) Axuda para actividades de cooperación.
Os beneficiarios desta axuda son os GDR. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese no Anexo III do presente convenio.
- d) Axuda para a formación destinada a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR.
Os beneficiarios desta axuda son os GDR. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese no Anexo IV do presente convenio.
- e) Axuda para a xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.
Os beneficiarios desta axuda son os GDR. Estes gastos de funcionamento e animación non poderán superar o 25% da contribución pública total á estratexia. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese nos Anexos V e VI respectivamente, do presente convenio.

A intervención Leader conta cunha asignación económica que ascende a 56.989.000,00 euros. Esta asignación económica distribúese entre os 24 GDR, en función das puntuacións obtidas na valoración das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativas, elaboradas por cada un deles. Do importe total asignado a cada GDR, o 31% está destinado a sufragar os custes de xestión e animación (25%), formación (1%) e cooperación (5%) nos que incorran os GDR e o 69% restante, está destinado a subvencionar operacións desenvolvidas por terceiros.

A pesar de terse establecido no convenio asinado o 7 de agosto de 2024 o procedemento de tramitación das diferentes liñas de actuación desenvolvidas polos GDR, ao poñer en práctica o establecido no mesmo, xurdiron dúbidas e problemas de interpretación relacionados coas actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, coas actuacións de cooperación, formación e animación, en particular, polos prazos de solicitude de autorización das actuacións, de execución e de imputación de gastos e contías imputables.

- **Prazos de solicitude de autorización das actuacións, de execución e de imputación dos gastos.** O convenio asinado o 7 de agosto de 2024, establece como prazo de execución para os gastos de cada anualidade o 5 de novembro.

No relativo aos gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, establece ademais que unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos tres meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior.

No caso das actuacións de animación e formación (cláusula décimo cuarta, apartado 1, parágrafo segundo, do convenio asinado en 2024) indícase que a execución poderá iniciarse a partir da data de presentación da solicitude de aprobación do proxecto e finalizará o 5 de novembro de cada ano no que se distribúan as anualidades.





É unha demanda por parte dos GDR, poder executar accións de animación e formación nos últimos meses do ano, polo que se engade ao texto, concretamente no apartado de solicitude e prazo de execución, tanto no anexo IV como no VI que se poderán presentar ICE con cargo á anualidade n+1 a partir do 15 de outubro da anualidade n, sempre que estea autorizada a distribución de gastos para anualidade n+1, excepto na última anualidade.

Por outra banda, no relativo ás actuacións de cooperación (Anexo III, apartado 10.2, do convenio asinado en agosto de 2024), indícase que a execución finalizará o 5 de novembro de cada ano no que se distribúan as anualidades obxecto deste convenio, para os gastos que deban imputarse con cargo a cada unha das citadas anualidades.

É outra demanda por parte dos GDR poder executar accións enmarcadas dentro do proxecto de cooperación nos últimos meses do ano, polo que se engade ao texto, concretamente no apartado 3 do anexo III que nun proxecto que conte con varias anualidades, os gastos executados a partir do 5 de novembro do ano n, poderán ser imputados con cargo ao orzamento da anualidade n+1, excepto na última anualidade.

- **Contías imputables:** Os GDR son entidades privadas sen ánimo de lucro, cuxo persoal está acollido a diferentes convenios laborais (oficinas e despachos por provincias, entidades de carácter social,...), polo que os salarios e complementos que percibe o persoal son diferentes.

A cláusula décima "medios materiais e persoais" do convenio asinado o 7 de agosto de 2024, no seu punto 3, indica as características dos postos de traballo que poida contratar o GDR, establecendo unhas contías para os salarios brutos máximos imputables á estratexia.

E no punto 8 do mesmo convenio, indícase que estes salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados en función da variación do incremento que corresponda por antigüidade (circunstancia persoal de cada un dos GDR), segundo o convenio aplicable no ámbito laboral e segundo a revalorización en función do incremento anual que sexa de aplicación aos empregados públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Actualización en función do incremento por antigüidade.** No relativo á actualización en función do incremento que corresponda por antigüidade, ao estar, o persoal técnico dos GDR, acollido a convenios laborais diferentes, e tendo en conta que o persoal foi contratado en datas diferentes, a aplicación da actualización en función do incremento que corresponda por antigüidade, da lugar a salarios brutos máximos imputables distintos para cada traballador e para cada GDR, o que require un cálculo anual de salario bruto máximo imputable para cada traballador.

Polo que se unifican as contías de salarios máximos imputables á estratexia para o persoal de todos os GDR, establecendo os importes reflectidos na táboa seguinte (en todos os





casos, no suposto de xornada completa e prorrateándose no seu caso os importes para o caso de contratos a tempo parcial):

POSTO	SALARIO BRUTO MÁXIMO IMPUTABLE Á ESTRATEXIA
XERENTE	50.000,00 euros
TÉCNICO/A	40.000,00 euros
PERSONAL ADMINISTRATIVO/A	30.000,00 euros

- **Actualización en función da revalorización en función do incremento anual que sexa de aplicación aos empregados públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.** Mencionar que estas revalorizacións, habitualmente non son coñecidas ao inicio do ano natural, senón que se poden establecer nos seguintes anos e ter carácter retroactivo. Mentres que o dato do IPC é coñecido no mes de xaneiro de cada ano, o que posibilita tanto aos GDR como á Axencia coñecer ao inicio de cada anualidade a contía máxima imputable, facilitando as previsións dos orzamentos para cada anualidade.

Compre clarexar que a revalorización segundo a variación do IPC, se aplica unicamente para determinar os importes dos salarios brutos máximos imputables á estratexia. A revalorización dos salarios brutos de cada traballador realizarase en función do establecido en cada convenio laboral e/ou en función do que a xunta directiva do seu GDR autorice.

Coa finalidade de poder aplicar os importes dos salarios brutos máximos imputables á estratexia, aos salarios xustificandos con cargo ao orzamento da anualidade 2025, que están aínda pendentes de resolución de pagamento, engádesse unha cláusula final para regular esta aplicación.

- **Outras modificacións:**

Para facilitar a tramitación das axudas das diferentes liñas de actuación que poden implementar os GDR, procedeuse a realizar as seguintes modificacións na estrutura e contidos do convenio.

1. Modificacións na redacción das cláusulas que se expoñen a continuación (a numeración das cláusulas correspóndese coas do documento da modificación):

- Primeira.- Obxecto. Introdúcense as diferentes liñas de actuación nas que se articula a intervención 7119 Leader e as actuacións que se regulan no convenio na súa dobre condición, como entidade colaboradora na xestión de axudas a terceiros e como beneficiaria da subvención.
- Segunda.- Normativa. No convenio asinado en agosto a normativa figuraba como un anexo. Na modificación inclúese como cláusula.
- Terceira.- Ámbito xeográfico. Engádesse ao final do terceiro parágrafo a posibilidade de realizar actuacións de animación e cooperación fora do ámbito territorial do GDR, e especificase que as instalacións dos que dispón o GDR deben estar emprazadas no seu ámbito territorial.





- Cuarta.- Principios de actuación. Realízanse aclaracións no texto e engádense os 3 últimos apartados.
- Sexta.- Funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Modifícase a redacción.
- Sétima.- Funcións e obrigas do GDR como entidade colaboradora. Engádense a obriga de destinar exclusivamente á execución da intervención 7119 LEADER, os fondos que reciba da Axencia, a de asegurar a pista de auditoría das operacións incluídas no convenio, e a de velar polo cumprimento da normativa sobre conflito de intereses en todas as súas actuacións.
- Novena e décima.- Introdúcense as cláusulas novena e décima, para describir a regulación das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas e as axudas que xestiona o GDR como beneficiario directo da subvención.
- Décimo primeira.- dada a complexidade para implementalos, elimínanse os apartados relativos ao transvase de dotacións financeiras entre os distintos exercicios, así como a posibilidade de reparto dos fondos dos GDR que nos os tiveran comprometidos ao 100%, entre os GDR que os tiveran comprometidos ao 100%.
- Décimo terceira.- Medios materiais e persoais. O procedemento de selección de persoal dos GDR establecido no punto 3, apartado b é un proceso moi longo, non sendo operativo nas contratacións para coberturas de carácter temporal, nin na selección de persoal específico para os proxectos de cooperación. Para dar cobertura a estas contratacións, engádense no punto 3, o apartado c.
No punto 4, elimínanse os importes do salario bruto máximo imputable á estratexia, pasando a regularse no apartado 6.1.2 do Anexo V.
Elimínase o punto relativo ás actualizacións dos salarios brutos máximos imputables á estratexia, que pasa a regularse no apartado 6.1.3 do Anexo V.
- Vixésima.- Outras obrigas e responsabilidades do GDR. Elimínase o contido do apartado segundo da cláusula vixésimo terceira do convenio asinado en agosto de 2024, relativo á obriga de comunicar á Axencia a celebración das asembleas e xuntas directivas, coa finalidade de simplificar a xestión e de eliminar cargas excesivas ao administrado.

2. ANEXOS. Regúlanse os procedementos de tramitación das diferentes liñas de axudas dos GDR mediante anexos. No convenio asinado en agosto de 2024, estaban regulados nunha ou varias cláusulas e incluso mediante cláusulas e anexo, como é o caso de cooperación, o que dificulta a tramitación das diferentes liñas. Os cambios realizados son os seguintes:

- Establécese unha estrutura común nos anexos, diferenciando diferentes apartados.
- O contido da cláusula décimo segunda, disposicións comúns para a xestión, seguimento e avaliación da estratexia, así como actuacións de animación, do convenio asinado en 2024, establécese nos Anexos V e VI, apartados 1 e 5, e na cláusula oitava, punto 15.
- O contido da cláusula décimo terceira, disposicións específicas para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, do convenio de 2024, establécese no Anexo V, estruturando o contido nos diferentes apartados. Coa excepción do segundo parágrafo do punto 2, apartado m relativo ás axudas de persoal docente que se regula no apartado 5 do Anexo IV.

Ademais, no apartado 6 Gastos subvencionables, do Anexo V da modificación do convenio, coa finalidade de facilitar a aplicación dos custes simplificados, estrutúranse os gastos subvencionables en custes directos de persoal, custes directos distintos de persoal e custes





indirectos. Tamén se modifica a redacción do punto 4 desta cláusula do convenio asinado en 2024, indicando a porcentaxe exacta de custes simplificados a aplicar (30%) (Anexo V, apartado 9. Xustificación das actuacións e pago, puntos 1 e 2, da modificación).

E no apartado 7. Gastos non subvencionables, do anexo V da modificación do convenio, modifícase a redacción e engádense os apartados e, f, g e h, que non se consideran subvencionables, pero non figuraban reflectidos expresamente no apartado correspondente.

Modifícase a redacción do punto 5, apartado e) da cláusula décimo terceira do convenio asinado en 2024, xa que na práctica afecta ao traballo en rede, quedando redactado do seguinte xeito: informe das actividades de traballo en rede realizadas e dos resultados obtidos (apartado 9, punto 3, letra e, do Anexo V).

Ademais, para facilitar o control administrativo realizado pola Axencia, engádesse a obrigatoriedade de presentar a seguinte documentación: cadro detallado cos custes de persoal e certificación do representante legal acreditando que a axuda recibida se destinou a actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.

- O contido da cláusula décimo cuarta, Disposicións específicas comúns para actuacións de animación e para actuacións de formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR, do convenio asinado en 2024, establécese nos Anexos IV e VI, apartados 4, 5 e 7.
- O contido da cláusula décimo quinta, Disposicións específicas para actuacións de animación, do convenio de 2024, establécese no Anexo VI, estruturando o contido nos diferentes apartados.
- O contido da cláusula décimo sexta, Disposicións específicas para as actuacións de formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR, do convenio de 2024, establécese no Anexo IV, estruturando o contido no apartado 5.

Elimínase o contido do punto 5. da cláusula décimo sexta do convenio asinado en agosto de 2024, relativo á obriga de comunicar á Axencia por escrito as datas, horarios e lugar exacto da realización efectiva das actividades formativas, coa finalidade de simplificar a xestión.

- O contido da cláusula décimo sétima, Disposicións específicas para as actuacións de cooperación Leader, do convenio de 2024, establécese no Anexo III, estruturando o contido nos diferentes apartados. Neste mesmo anexo inclúese o contido do Anexo III do convenio asinado en agosto, relativo ás disposicións específicas para as actuacións de cooperación Leader e procedemento de xestión.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca Gago Guillán

